



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2021/G010/000008
Sesión núm. 08/2021-Pleno

DECRETO DA ALCALDÍA DA CONVOCATORIA DO PLENO

De conformidade co establecido no artigo 46, apartados 2 e 3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 78 e 80 do real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en con observancia das medidas sanitarias en vigor debido ao SARS-CoV-2,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar sesión do Pleno do Concello nas data e hora que se indican en primeira convocatoria, e corenta e oito horas máis tarde en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

| | |
|--------------------------------|--|
| Sesión de: Pleno | Data da sesión: 24 de xuño do 2021 |
| Convocatoria: Ordinaria | Hora: 20.00 |
| | Lugar: Salón dos Plenos da Casa do Concello |

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación das actas (sesión núm. 07/2021).
- 2º.- Convenio de Colaboración técnica e financeira entre Augas de Galicia e o Concello de Sada para a ampliación da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sada.
- 3º.- PAI 2016.- Aprobación modificación pregos de prescricións técnicas para a subministración de un vehículo furgoneta *pick-up*.
- 4º.- Aprobación de modificación de crédito 19/21. Crédito extraordinario 02/21.
- 5º.- Solicitud de Hebe Sport: piscina municipal de Sada, desequilibrio económico motivado pola pandemia Covid-19.
- 6º.- Control da actividade dos restantes órganos da Corporación.
 - A. Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 24 de maio (núm. 1167) ata o 18 de xuño do 2021 (núm. 1383).
 - B.- Mocións.
 - C.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO: Dar traslado da presente Resolución aos sres. concelleiros membros do órgano Colexiado, advertíndolles de que, conforme co disposto polo artigo 12.1 do RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar con antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO: Que se poña a disposición dos concelleiros a documentación íntegra dos asuntos incluídos na orde do día, que deba servir de base ao debate e, de ser o caso, votación, na Secretaría do Concello, aparte da remisión por medios dixitais da documentación.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e pola secretaria do Concello, M^a del Carmen Seoane Bouzas, o 21 de xuño do 2021.